



- NÚMERO DE HOMOLOGACIÓN: 937
- ORGANIZADORES:
  - Federación Galega de Tenis.
  - **Club de Tenis O Rial**
    - Rúa do Carballo s/n 36629. Vilanova de Arousa (Pontevedra)
    - 986 50 51 98
  - **Casino Mercantil e Industrial de Pontevedra.**
    - Calle Mourente s/n. (Pontevedra)
    - 986 84 22 61
- COMITÉ ORGANIZADOR: FGTenis, Daniel Otero, Miguel Lapido.
- XUÍZ ÁRBITRO: Carlos Coira.
- ADXUNTO: Marco Casal.
- XUÍCES ITINERANTES: A designar
- CONTACTO:
  - Email: [circuitoxuvenil@fgtenis.net](mailto:circuitoxuvenil@fgtenis.net)
  - Teléfono: 667 688 432 (whatsapp)
- DATAS:
  - Do 31 de maio ao 16 de xuño.
- INSCRICIÓNS:
  - Na web: [www.ibertenis.com](http://www.ibertenis.com) ata o xoves 23 de maio.
  - Prezo das inscricións: 11€ por categoría. (máximo dúas categorías)
  - O pago da inscrición deberá realizarse a través da pasarela de pago da páxina [www.ibertenis.com](http://www.ibertenis.com) no momento de realizar a inscrición. Sen o abono, a inscrición non será considerada válida.
- CATEGORÍAS: Benxamín, alevín, infantil, cadete e Júnior masc. e fem.
- SUPERFICIE: Tennis Quick no Club de Tenis O Rial e pista dura no C. Mercantil e Ind. de Pontevedra.
- BOLA OFICIAL: Babolat
- Os cadros, horarios e resultados serán publicados en: [www.fgtenis.net](http://www.fgtenis.net) e [www.ibertenis.com](http://www.ibertenis.com)

## **NORMATIVA**

1. A competición aplicará as normas da R.F.E.T e do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat 2019.
2. É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar neste torneo.
3. Sorteio: Luns 27 de maio na Federación Galega de Tenis.
4. As categorías que se disputarán en cada clube, serán establecidas ao rematar o prazo de inscrición.
5. Datas de xogo: 31 de maio, 1-2-7-8-9-14-15-16 de xuño.
6. Horarios: A Federación Galega de Tenis poderá programar partidos de 10:00h a 21:00h. os días non lectivos, e a partires das 16:00h. os días lectivos.
7. Os horarios de xogo non serán oficiais ata as 19:00 h. do día anterior.
8. Todos/as os/as xogadores/as que teñan algún problema puntual de horarios deberán comunicalo no momento de facer a súa inscrición. Estas peticións deben ser por causas excepcionais.  
A Federación non atenderá ningún cambio nin petición unha vez que os horarios sexan publicados. As observacións horarias que sexan expostas polos/as participantes unicamente serán atendidas se non afectan ao normal desenvolvemento da competición.
9. Os/as xogadores/as deberán revisar as listas de aceptación publicadas tralo peche de inscrición. Do mesmo xeito, será obriga dos/as xogadores/as informarse das datas e horarios dos seus partidos.
10. O Xuíz Árbitro poderá aplicar W.O. a todos/as os/as xogadores/as que non se presenten a xogar 10 minutos despois do momento de entrada na pista.
11. Os/as xogadores/as poderán inscribirse en dúas categorías
12. O máximo de categorías/modalidades que poden disputar son 2.
13. Os/as xogadores/as deberán vestir en pista de forma regulamentaria e axustar o seu comportamento, e o dos seus acompañantes ao código de conduta. Non serán tolerados condutas inadecuadas e que non se axusten ao cumprimento das normas do tenis, deberá primar en todo momento o máximo respecto ao resto de compañeiros da competición, acompañantes, membros do equipo arbitral, socios, persoal e instalacións do club organizador.
14. PREMIOS: Trofeos para os campións, campioas, subcampións e subcampioas de cada categoría.
15. O xuíz árbitro poderá modificar as pistas e/ou o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
16. Todas as cuestións non establecidas neste Regulamento serán resoltas polo Xuíz Árbitro ou polos adxuntos. As súas decisións serán inapelables.

